

Material de construcción



1.^a edición, 1.^a impresión, 2024

Título orixinal: *Eraikuntzarako materiala*

© Eider Rodríguez, 2021

Esta edición c/o SalmaiaLit, Axencia Literaria.

Aira, 2024

© Follas Voadoras, SL
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e coñece todas as vantaxes
de subscribirte ao CLUB AIRA

Pola tradución do éuscaro: © María Ramos Salgado

Ilustración da tapa: Arrate Rodríguez

Deseño da tapa: Isabel Blanco

Impresión: Mundo

ISBN: 978-84-128581-7-4

DL: OU 141-2024

Esta obra recibiu unha axuda á tradución do
Etxepare Euskal Institutua



Esta obra recibiu unha axuda á tradución da
Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude



Axúdanos a manter en pé o ecosistema do libro.
Se necesitas fotocopiar ou escanear algún fragmento deste libro,
comúnicate co Centro Español de Dereitos Reprográficos
(CEDRO): conlicencia.com.

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.

MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN

EIDER RODRÍGUEZ

TRADUCIÓN DE
MARÍA RAMOS SALGADO



Aira

Sempre se pensa ben cando faltan as palabras
DONNA HARAWAY

Non serás ti quen fale; deixa que fale dentro de ti
a destrución, aínda que sexa mediante o esquecemento
ou o silencio.
MAURICE BLANCHOT

I



5 de decembro do 2018

Estou xunta o papá, nun cuarto especial da unidade de ictus. Só pode entrar unha visita de cada vez. Non lle vai importar, nunca lle gustaron as multitudes. A nosoutras tampouco. Seguramente o único xeito no que o meu pai diga cousas é se estamos sós, el sen sentido, eu con medo. Cando cheguei estaban a tía Lourdes e a miña nai. Como excepción, déixannos pasar ás tres ao cuarto. Entre nós non houbo ningún xesto de agarimo, por pequeno que fose: nin bicos, nin apertas, nin contacto. Só frases funcionais: «Isto, que sería?», hoxe durmiu no sofá porque lle doían as costas, pola mañá almorzou coma sempre, saíu ás once da oficina, chamaron do taller, non quería subir á ambulancia.

Cando o médico nos di que foi un derrame e que as horas próximas van ser decisivas, quedamos caladas. Nin choros, nin mans que tremen, nin apertas entre todas: só silencio. Unha pregunta técnica:

—Cando fala das «horas próximas», iso canto é? Dúas horas? Vinte e catro horas? Corenta e oito?

Non queremos molestar, unha pregunta parva para romper o silencio.

—As próximas. O importante é deter a hemorraxia. Pero polas súas complicacións hepáticas —O que é a economía da

linguaxe, mais de trinta anos resumidos en dúas palabras—, o que noutros casos sería grave resulta máis difícil aínda, porque ten poucas plaquetas. Ímosllas pór, pero amodiño... Ímos ver como responde o corpo.

As pedras fan ruído no deserto.

A morte alborota.

—Unha última cousa: as normas desta unidade son especiais: hai que deixalo tranquilo, só podedes entrar dunha en unha.

Mellor así; porque nos mancamos entre nós, mancamos o grupo e a nós mesmas se nos xuntamos máis de dous membros da familia, así de draconiana é a constitución non escrita da nosa familia no que ten que ver co agarimo.

Artigo 18.2: Non se pode chorar diante da xente, excepto en casos de morte. Nese caso:

Empregarase o pranto como drenaxe emocional.

O pranto terase que limitar ao comezo da situación que o motivou, e de ningún xeito se pode estender no tempo.

Artigo 18.3: Non se pode comerciar coa dor.

Non se aceptarán as exhibicións de procesos fisiolóxicos derivados da dor.

A dor non se pode empregar para a chantaxe. Tan desprezable coma a chantaxe é deixarse levar pola chantaxe que ten a dor como orixe.

Artigo 18.4: Excepcións:

É un dereito chorar por un motivo de ficción, sempre que se recupere a compostura no momento en que a ficción remate.

Están prohibidos todos os xestos de agarimo, compaixón, tenrura e empatía. As relacións con animais e crianzas de menos de seis anos están exentas desta norma.

A intimidade é o único espazo onde se pode transgredir a lei sen consecuencias.

O papá e mais eu quedamos sós. Son as dez da mañá, e por un intre fixen algo inconstitucional: cofeille o cabelo, toqueille o brazo. Ten suave o pelo, o da cabeza e o do brazo.

Nunca o vira de tan preto.

É curioso: a miña nai e a miña tía non teñen o mesmo sangue, pero aínda así hai moito tempo que xuraron sobre a mesma constitución; aínda que o que une a miña nai coa miña tía sexa o meu pai, porque é o marido dunha e o irmán da outra, el é o único que non puxo a man enteira sobre esa constitución. Non sei dicir quen é o nativo e quen é o estranxeiro que, para facerse nativo, aceptou vivir segundo eses valores, dereitos e responsabilidades.

6 de decembro, día da Constitución española
«Non podo facer que se me entenda» é a única frase que lle entendemos en todo o día. Despois dixo: «Barbarbar chocolate barbarbar chocolate».

7 de decembro do 2018

Comeza a falar. Tamén move o brazo.

Move todas as parte do corpo. Tamén lle doe moito a cabeza. Parece que estivo noutro sitio, e non neste cuarto de hospital. Que espertou vindo doutro lugar. Estou contenta.

Díxome que o atoparan dentro do coche, contra unha árbore, entre Oiartzun e Errenteria; que viña de pagar un arranxo no taller, e que o levaran decontado ao hospital.

8 de decembro do 2018

Doulle de comer. Primeiro o puré, despois o iogur. Doulle de comer cunha devoción coa que nunca lles dei de comer aos meus fillos.

Deixamos o prato limpiño de todo.

Collo un pano de tea dos que a miña nai deixou na mesa de noite, xunta o frasco de Loewe. Cunha punta límpolle a beira dos beizos, con suavidade, docemente, coma quen lle dá os últimos retoques a un lenzo que non quere rematar.

Póñolle as mans a ambos os lados da cabeza.

—Comíchelo todo —dígolle—. Tiñas fame. Vaste pór bo.

Fálolle mirándoo aos ollos, por primeira vez na vida. Non sei se entende todo o que lle digo, pero manténme a ollada.

Dáme vergoña escribir sobre o papá.

Na tradición da Baixa Navarra e Lapurdi, «medo» dise *lotsa*, «vergoña». En México e Colombia chámasele *pena* á vergoña. En inglés, castelán e francés a palabra «vergoña» está relacionada coa palabra «embarazo», pero en éuscaro *enbarazu* quere dicir estorbo, dificultade ou problema. Parece que o parente máis vello da palabra *enbarazu* é *embaraçar*, da lingua asturiana ou do portugués, e equivalía a «corda».

Máis tarde, en portugués, asturiano e galego pasou a significar quedar preñada. A iso tamén se lle chama en éuscaro «estar chea», *bete*, ou «estar cargada», *kargatu*.

Non creo nos sinónimos. Non creo nas traducións.

Teño que representar o silencio para que as palabras teñan algún sentido e, aínda así, o silencio máis verosímil non garante nada.

Se cadra todo é un problema lingüístico. Desde o principio.

19 de decembro do 2018

Déronlle a alta e prohibíronlle volver ao traballo. Ten que descansar, e pode que xubilarse, dixéronlle. Ao volver de Donostia paso por onda eles. Atópoo no sillón, obrigado a estar deitado, coas pernas estiradas, a durmir.

Enriba da mesa vexo *El Diario Vasco*, dobrado pola páxina dos encrucillados, e pousadas nel, as lentes de ler. Collo o xornal e observo que as letras están escritas fóra dos cadradiños que lles corresponden, a maioría rotas, pero van formando respostas correctas: «Voz de mando: ar», «Agarrar: asir», «Lesionei, lacerei: magoei». Non pensara eu que sería quen de volver á casa e facer encrucillados. Cambioulle a letra.

Aínda ten cabelo de neno, da cor do tabaco, despeiteado. Dáme vergoña quedar a mirar para el mentres dorme.

A mamá espértao. Desde a porta di en voz alta o seu nome, que esperte, que estou eu alí.

Mírame con sorpresa, coma se non me coñecese. Sempre fai o mesmo. Cóntame de novo o do accidente.

Púxoselle un ollo saltón por mor da hemorraxia, que o empurra por detrás. Fala máis amodo ca de costume, pero con claridade. Algunhas palabras non lle queren vir e pelexa cos beizos.

—Viches? —di mentres sinala o xornal—. Ao tremer, non podoo coller ben o bolígrafo.

Máis tarde, na cocíña, a mamá dime que o papá ve todo partido pola metade. Dime, tamén, que non a cousa non pinta ben. «Que sorte a nosa...! E tíñanos que pasar isto xusto agora!». A mamá, sempre que fala de «agora» en relación ao meu pai, quere dicir: Des Que Deixou De Beber.

Enche un vaso de leite.

—Lévallo —di.

Nunca vira o papá beber leite.

En francés chámaselle *sevrage* a deter o consumo dalgunha cousa, din *sevrage tabagique* ou *sevrage alcoolique*. Emprégase a mesma palabra cando falan de interromper a lactación, *sevrage de l'allaitement*, tanto para os animais coma para os humanos.

21 de decembro do 2018

Faltan catro días para o Nadal e xa empezo a estar de mal xenio.

Non hai ningún outro acontecemento máis protocolario ca o Nadal, nin as vodas teñen tantas normas.

Sei certiño o que vai pasar: O papá vai empezar a abrir os agasallos, vaise aburrir antes de quitarlles o papel de todo e vai dicir: «Moi bonito», para despois deixar que o paquete caía ao chan, sen mirar o que ten dentro. E nós imos seguir

facendo agasallos, coma se continuar coa cerimonia nos levase a algures. Se é unha camisa non a vai abrir, se é un xerse non o vai tocar, se son uns zapatos non os vai pór; só lles presta un chisco de atención aos perfumes. Voulle regalar un perfume. Botará unha gotiña ao aire e outra no peito. Ese vapor mitigará o dano que fai ter que permanecer sentada á súa beira.

Nacín nunha familia salvaxe, na que a mamá insistía en que non me diría mentiras aínda que a verdade fose arrepiante, e o meu pai defendía o seu dereito a odiar todo o que quixese, libremente. Tiñan un firme compromiso coa verdade e coa rabia.

O papá era un bébedo, aínda que eu saiba, mellor ca ninguén, que a palabra «bébedo» non quere dicir case nada. Serve para clasificar, para diferenciar o que bebe moito e mal do que bebe pouco e ben, e segundo Aristóteles, a clasificación é imprescindible no camiño ao coñecemento, porque falar, aínda que sexa empregando palabras inútiles, é unha das poucas cordas que temos para suxeitar todo isto. Non o podemos evitar, pero a palabra «bébedo» non quere dicir case nada porque todos os bébedos son distintos, porque o bébedo «transfórmase», e porque o bébedo máis bébedo de todos non sempre está bébedo.

Son unha nena, espertamos tarde, perdín o autobús, a mamá chama o papá ao traballo para que me leve á escola, a mamá non sabe conducir, nunca vai aprender. Sempre formal, en quince minutos o papá fai soar o timbre da casa. Xa me está agardando co coche subido na beirarrúa. Xa está bébedo.

Non aparto a vista da estrada. Mestúranse os cheiros da chaqueta de coiro do papá, do alcol e do piñeiro que colga do retrovisor. De alí en diante non vou ser quen de cheiralos por separado. Todas as chaquetas de coiro me cheiran ao

alcol, e todos os ambientadores de piñeiro, a coiro. Sen podelo evitar, o cheiro a coche novo lévame ao meu pai.

Chegamos á escola. Coma se el cheirase o meu interior, el nunca vai saír do coche, non me vai axudar a chegar até a aula, non se vai achegar á profesora.

Son unha nena, non vou ás casas dos demais, quen sabe que pais teñen, hai moitos porcos por aí. Como vou moi pouco ás casas dos demais, veñen moi poucos amigos á nosa, pero de cando en vez chega algún inocente. O papá chega cargadiño, abre a porta do meu cuarto, estou sentada na cama coa miña amiga, tócalle o pelo, despois anícase cara a min, dáme un bico húmido, faime cóxegas nos sobrazos, fai que me deite na cama, di: «Quiliquiliquiliquili» coa súa lingua gorda. Cústalle mover os dedos rápido e máncame.

Son unha nena, vou á casa desa amiga. Mentres merendamos na cociña, chega o seu pai do monte, ponse na pía a sacar o barro que lle quedou pegado nas solas das botas cun escarvantes. Lava a man os calcetíns de la e déixaos colgando na billa. Camiña descalzo pola casa, cos baixos do pantalón refucidos. Nalgún momento decátase da nosa presenza: Saúdame polo meu nome, non lle fai nin caso á filla. É o home perfecto.

Son unha nena, vou con outra amiga pola rúa de Biteri. É a rúa principal da vila, pasea por alí a xente elegante e mais a que quere selo, vestidos de fin de semana os que aínda cren nos domingos. Para min é un terreo perigoso, porque é o momento no que o meu pai aínda está bebendo nos bares desa rúa, coa luz do día, pero non teño outro remedio que atravesala para chegar á casa. No medio da rúa vexo un home de costas, viste unha chaqueta de coiro, cambaleando coma nos debuxos animados. É o papá. Parece que son a única que o ve. A miña amiga segue a falar, ela tampouco se decata. Cando chegamos onda o meu pai, cada unha o esquiva por un lado e seguimos falando.

Son unha nena.